# REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Día: 19.06.2019 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 19 de xuño de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Comparecencia**

1.1 50260 (10/CPC-000109)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, por petición propia, para informar sobre o Anuario de estatística forestal de Galicia 2018
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 483, do 05.06.2019*

**Punto 2. Preguntas**

2.1 43922 (10/POC-007038)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Salgado, Carlos e 6 máis
Sobre a valoración polo Goberno galego da campaña da vendima do 2018 na D.O. Monterrei
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019*

2.2 47947 (10/POC-007617)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as razóns da precariedade que presenta a dotación de persoal da Oficina Agraria Comarcal de Lugo e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 450, do 27.03.2019*

2.3 48061 (10/POC-007637)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 3 máis
Sobre as razóns de que Galicia teña os prezos do leite máis baixos do Estado, a súa relación co descenso do número de produtores e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019*

2.4 48322 (10/POC-007685)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO
DE GALICIA

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre a situación na que se atopa a elaboración pola Consellería do Medio Rural do plan estratéxico de subvencións reflectido na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, así como os criterios seguidos para establecer os convenios de colaboración cos concellos galegos no ano 2018
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2019

Daniel Vega Pérez

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

# COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

**Mesa**

Presidente

| | |
|---|---|
| Daniel Vega Pérez | P |

Vicepresidenta

| | |
|---|---|
| Rosa Oubiña Solla | P |

Secretario

| | |
|---|---|
| José Manuel Pérez Seco | S |

**Vogais**

| | |
|---|---|
| Raquel Arias Rodríguez | P |
| Moisés Blanco Paradelo | P |
| Raúl Fernández Fernández | S |
| Carlos Gómez Salgado | P |
| Jacobo Moreira Ferro | P |
| Jesús Miguel Prado Patiño | P |
| José Luis Rivas Cruz | BNG |
| David Rodríguez Estévez | EM |
| Antón Sánchez García | EM |

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 19.06.2019 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Comparecencia

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**
**Día: 19.06.2019 Hora: 10:30**
**Orde do día**

1.1 50260(10/CPC-000109)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, por petición propia, para informar sobre o Anuario de estatística forestal de Galicia 2018

*Publicación da iniciativa, 483, 05.06.2019*

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
29 MAI. 2019
Núm. 50260

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
29 MAI. 2019
SAIDA
Num. 106

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 7ª Agricultura, Alimentación Gandaría e Montes- do director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, para informar sobre ***"O Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2018"***.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Xacobeo 2021

Asinado por: GARCIA-SEÑORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 29/05/2019 10:34:08

CVE: 2amyAvqrtL0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 19.06.2019 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2. Preguntas

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**
**Día: 19.06.2019 Hora: 10:30**
**Orde do día**

2.1 43922(10/POC-007038)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Salgado, Carlos e 6 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da campaña da vendima do 2018 na D.O. Monterrei

*Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 10:50:43
Nº Rexistro: 43922
Data envio: 17/01/2019 10:50:43.822

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Carlos Gómez Salgado, Rosa Oubiña Solla, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Jacobo Moreira Ferro** e **Daniel Vega Pérez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Galicia conta con cinco denominacións de orixe, Ribeiro, Rias Baixas, Valdeorras, Monterrei e Ribeira Sacra, todas elas amparan, representan e regulan o maior estándar de calidade dos viños producidos na nosa Comunidade.

A importancia do sector vitivinícola e evidente: como dinamizador do rural poñendo en valor o seu patrimonio cultural e enolóxico, como axente fixador da poboación ao rural e tamén como importante medio económico para as persoas que teñen como medio de vida esta actividade.

Tras un “annus horribilis” de 2017 na que as xeadas e o saraiba botaron a perder boa parte da colleita de uva nalgunhas das denominación de orixe as previsións para este ano foron mais optimistas.

O 2018 non comezou con bo pe para o viñedo en Galicia. As condicións meteorolóxicas adversas na primavera favoreceron a aparición de ataques de fungos que supuxo unha preocupación e un dobre esforzo dos viticultores.
Afortunadamente o tempo seco e soleado de xullo, agosto e setembro mellorou todas as previsións iniciais, permitindo levar a cabo as labores de vendima nas mellores condicións.

CSV: REXISTRO-M/GQTqJfkZ-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 10:50:43
Nº Rexistro: 43922
Data envio: 17/01/2019 10:50:43.822

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Por todo en elo en relación a D.O. Monterrei, a mais pequena e mais xove das D.O. vitivinícolas galegas, que abrangue dúas subzoas: Val Monterrei e Ladeira Monterrei, os deputados asinantes, formulamos as seguintes preguntas:

1.- Cal foi a cantidade de uva recollida na pasada campaña da vendima de 2018 nesta D.O. Monterrei?
2.- Cal foi a evolución con respecto a colleita de 2017?
3.- Que valoración fai da vendima de 2018 o Goberno de Galicia?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Gómez Salgado na data 17/01/2019 10:37:44**

**Rosa Oubiña Solla na data 17/01/2019 10:37:54**

**Moisés Blanco Paradelo na data 17/01/2019 10:38:02**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 17/01/2019 10:38:09**

**Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2019 10:38:18**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/01/2019 10:38:25**

**Daniel Vega Pérez na data 17/01/2019 10:38:32**

CSV: REXISTRO-MGQTqJfkZ-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**
**Día: 19.06.2019 Hora: 10:30**
**Orde do día**

2.2 47947(10/POC-007617)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns da precariedade que presenta a dotación de persoal da Oficina Agraria Comarcal de Lugo e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

*Publicación da iniciativa, 450, 27.03.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 11:07:30
Nº Rexistro: 47947
Data envio: 20/03/2019 11:07:30.310

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

A Oficina Comarcal Agraria de Lugo esmorece por falta de persoal, situación que non é única no País pero que neste caso é moi grave pola extensión e poboación que atende.

Segundo explica a Xunta de Persoal Funcionario da Xunta de Galicia na provincia de Lugo nunha carta enviada ó Conselleiro de Medio Rural, ó director xeral da Función Pública e ó delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo. Nela esíxese a dotación urxente do persoal que foi cesando e que está pendente de substitución.

Desde xuño de 2018 a Oficina Comarcal de Lugo está atendida unicamente por un técnico e máis un administrativo, faltando por cubrir os postos de 2 técnicos e 1 administrativo que cesaron.

Esta oficina atende 6 concellos (Lugo, O Corgo, Outeiro de Rei, Rábade, Portomarín e Guntín) con máis de 7300 explotacións, un un volume de máis de 6000 persoas, de 1500 expedientes e arredor de 5ME en axudas públicas.

Esta carencia trae consigo retrasos nas tramitacións administrativas e nas certificacións, causando graves perdas e malestar no sector agrario da área de Lugo.

CSV: xk0TmN2ur4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 11:07:30
Nº Rexistro: 47947
Data envio: 20/03/2019 11:07:30.310

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación so é entendible se se enmarca dentro dunha política de desmantelamento do medio rural galego e nunha transferencia ás empresas privadas de asesoramento e tramitación.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Cal é a razón pola que se mantén en dotación precaria de persoal a Oficina Comarcal Agraria de Lugo?

-Que ten pensado facer o goberno galego ó respecto?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
**Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: xk0TmN2ur4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2019 11:07:30
Nº Rexistro: 47947
Data envio: 20/03/2019 11:07:30.310

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/03/2019 11:06:12**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2019 11:06:16**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/03/2019 11:06:17**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2019 11:06:19**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2019 11:06:20**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/03/2019 11:06:22**

CSV: xkGTmN2ur4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**
**Día: 19.06.2019 Hora: 10:30**
**Orde do día**

2.3 48061(10/POC-007637)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as razóns de que Galicia teña os prezos do leite máis baixos do Estado, a súa relación co descenso do número de produtores e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

*Publicación da iniciativa, 455, 03.04.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2019 12:42:17
Nº Rexistro: 48061
Data envio: 22/03/2019 12:42:17.114

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Paula Quinteiro Araujo**, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 7.ª**, sobre o baixo prezo do leite na nosa comunidade autónoma.

A proposta de renovación dos contratos que fixeron as industrias lácteas defraudou as expectativas dos produtores de leite, que agardaban subidas de entre dous e tres céntimos por litro e se terán que conformar con aumentos que, no mellor dos casos, serán dun céntimo. A meirande parte das granxas xa asinaron acordos que terán validez durante os próximos 12 meses con prezos base entre os 28 e os 30 céntimos, xa que, se non os subscribían, terían quedado sen ninguén que lles recollera o leite.

Ao mesmo tempo que isto acontece, Galicia aumenta a súa produción. Aínda que no conxunto do Estado se moveu un 1,8% menos de leite que no mesmo período do ano anterior, Galicia aumentou o seu volume un 0,5%.

A pesar disto, o balance continúa sendo negativo. Galicia leva máis dunha década á cola de Europa. Durante o mes de xaneiro, a leite galega se pagou a 31,7 céntimos por litro, o mesmo prezo que tiña no primeiro mes de 2018, o que converte á nosa comunidade nunha das rexións produtoras do continente europeo coas cotizacións máis baixas. Galicia é, de feito, a única comunidade do Estado na que o litro de leite se pagou de media por debaixo dos 32 céntimos. A media

CSV: FZ91K59h5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2019 12:42:17
Nº Rexistro: 48061
Data envio: 22/03/2019 12:42:17.114

GRUPO PARLAMENTAR en marea

española é de 33 céntimos e, noutros lugares, como a Comunidade Valenciana, o prezo supera mesmo os 35 céntimos por litro.

Se tomamos como referencia o prezo medio español, as granxas galegas deixaron de ingresar máis de tres millóns de euros cada mes.

Como consecuencia deste escenario, insostible para os pequenos produtores, no ano 2018 desapareceron 466 produtores lácteos. O ano comezou con 8.014 e rematou con 7.548.

O que sucede non ten ningún sentido. Galicia produce o 40% da produción total de leite do Estado e, non obstante, ten os prezos máis baixos. Isto só pode explicarse pola pésima xestión política do Goberno da Xunta, que non foi quen de ofrecer ao sector lácteo os recursos que precisaba para ser competitivo e viable.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Como explica o Goberno da Xunta que, producindo o 40% da leite do Estado, Galicia teña os prezos máis baixos?
2. Que relación manteñen os prezos ínfimos co descenso do número de produtores?
3. Que responsabilidade ten o Goberno no estado do sector?
4. Que pensa facer para mudalo?

Santiago de Compostela, 22 de marzo do 2019.

CSV: FZ91sK59h5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2019 12:42:17
Nº Rexistro: 48061
Data envio: 22/03/2019 12:42:17.114

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Quinteiro Araújo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 22/03/2019 12:37:33**

**David Rodríguez Estévez na data 22/03/2019 12:37:42**

**Antón Sánchez García na data 22/03/2019 12:37:50**

**Paula Quinteiro Araújo na data 22/03/2019 12:37:57**

**CSV:** FZ91sK59h5
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**
**Día: 19.06.2019 Hora: 10:30**
**Orde do día**

2.4 48322(10/POC-007685)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a situación na que se atopa a elaboración pola Consellería do Medio Rural do plan estratéxico de subvencións reflectido na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, así como os criterios seguidos para establecer os convenios de colaboración cos concellos galegos no ano 2018

*Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 12:46:43
Nº Rexistro: 48322
Data envio: 29/03/2019 12:46:43.559

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que "os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria" e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que "o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva", e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten elaborado a Consellería do Medio Rural o Plan estratéxico de subvencións da súa consellaría, segundo establece a Lei 9/2007, do 9 de xuño de subvencións de Galicia?

2ª) Cales foron os criterios empregados pola Consellería do Medio Rural para establecer os convenios de colaboración cos concellos galegos no ano 2018?

CSV: Nb2nipm801
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 12:46:43
**Nº Rexistro: 48322**
Data envio: 29/03/2019 12:46:43.559

Pazo do Parlamento, 29 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/03/2019 12:41:17**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/03/2019 12:41:24**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/03/2019 12:41:32**

**Raúl Fernández Fernández na data 29/03/2019 12:41:48**

CSV: hb2nigm801
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es